

O rumor do vento

O vento arrastraba un son de fondo, coma un lamento que viña de moi lonxe.

Sabela camiñaba entre os piñeiros coa sensación de que o monte respiraba. Cada paso facía zarandear as follas

húmidas, e o aire tiña un arrecendo agri doce, a terra mollada e algo máis, algo podre.

Levaba días soñando cunha vez que o vento a chamara polo nome. Non era unha voz humana.

Tiña unha calma fría, antiga, feita de silencio e eco.

Cando chegou ao regato, o vento detívose. A auga non corría, apenas tremía, e no seu espello

escuro viu o reflexo dunha muller coa súa cara, pero máis pálida, cos ollos afundidos e un sorriso frío.

O bosque quedou mudo.

Unha sombra pasou detrás dela e sentiu coma unha man invisible lle rozaba o ombro. Non houbo medo, só unha aceptación profunda, coma quen entende algo que sempre soubo. Cando regresou ao pobo, ninguén notou nada diferente, agás que xa non tiña sombra. E dende entón, nas noites de vento, dise que se escoita o seu nome mesturado co murmuro das árbores, coma se o monte a exhalase de novo. Dende aquela noite, o monte nunca máis foi o mesmo.

O regato deixara de correr e nas árbores aparecían marcas que ninguén lembrara facer.

Dicián que Sabela non morrera, que o bosque a tomara por completo. Ás veces, nas noites sen Lúa, víase unha figura branca entre a néboa, quieta, escoitando.

E quen ousaba chamala polo nome, sentía ao instante o frío da terra subíndolle polas mans, coma se fose o monte reclamando o seu corpo.

O vento non volveu calar. Fala baixo, coma quen vixía, coma quen lembra.

E quen o escoita, di que a voz do monte

ten nome de muller.

Claudia Rodríguez Iglesias